

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 2 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias.*

Advertidos erros na citada resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 89, do 10 de maio de 2023, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Nas páxinas 28964 e 28965, no punto cuarto.1, onde di:

«1. Profesorado que prestou servizos como interino ou substituto, pola mesma orde en que participou ou tiña dereito a participar na elección de destino no último curso, sempre que non renunciase a unha interinidade ou substitución que se lles ofertase ou se acollese ao previsto no punto décimo cuarto deste acordo.».

Debe dicir:

«1. Profesorado que prestou servizos como interino ou substituto, pola mesma orde en que participou ou tiña dereito a participar na elección de destino no último curso, sempre que non renunciase a unha interinidade ou substitución que se lle ofertase ou se acollese ao previsto no punto décimo quinto deste acordo.».

No punto cuarto.2, no cuarto parágrafo da páxina 28966, onde di:

«– Non se integrarán na lista para realizar interinidades ou substitucións aquelas persoas que non acudiron ao acto de presentación e aqueloutras que non se presentasen ou se retirasen na primeira ou na segunda proba, agás nos supostos previstos na base décimo segunda.3.».

Debe dicir:

«– Non se integrarán na lista para realizar interinidades ou substitucións aquelas persoas que non acudiron ao acto de presentación e aqueloutras que non se presentasen ou se retirasen na primeira ou na segunda proba, agás nos supostos previstos na base décimo terceira.2.».

